

POEMARIO 5 ANOS

Chámome Antía
e vivo en Rubín
colorido coma un xardín
onde xogo todo o día.

ANTIA NOGUIRA

OLA, CHÁMOME CLOE
VIVÍN UNS ANOS NA ESTRADA
MEU PAPÁ DI: "MIÑA FILLA, MOITO ROE"
GÚSTAME XOGAR MOITO, PERO Á NOITE ACABO CANSADA.

AGORA VIVO EN BERRES, A NOSA FESTA GRANDE É O AMPARO
ESE DÍA POÑEMOS O TRAXE NOVO
AÍNDA QUE HAI MOITA XENTE NO PARO
EN CALQUERA CASA NOS DAN UN OVO.

(CLOE)

CHÁMOME DAIRA GONZÁLEZ BASCUAS
E VIVO NESTA ALDEA CHAMADA O FOXO,
EU NUNCA ME APAGO, POIS SON COMA AS ASCUAS
DESAS FOGUEIRAS QUE LEVAN TOXOS.

PERTENZO Á PARROQUIA DE RUBÍN
ONDE HAI MUÍÑOS, REGATOS E ALGUNHA PONTE,
SE PASAS POR RIBA DA XESTEIRA, VERÁS O QUE EU VIN,
TROITAS POLA AUGA E RANS BRINCANDO POLO MONTE.

DAIRA
GONZÁLEZ

Son Iker Rodríguez Camino,
moi bonito é o lugar onde vivo
Santa Cristina de Veá
miña querida aldea.

IKER RODRÍGUEZ

A miña aldea chámase Callobre
terra de xente e fala nobre,
medro entre ríos e fontes,
regatos, fervenzas e flores,
nogueiras, sobreiras e pontes;
a min chámame Lía
e estouvos a contar
que aquí quero medrar.

LÍAE XPOSITO

EU SON LUCÍA VILLAR
VIVO NA PARROQUIA DE CALLOBRE,
GÚSTAME MOITO PINTAR,
E GARDO OS DEBUXOS NUN SOBRE.

A SOBREIRA DE VALIÑAS
NACEU NO LUGAR DO VILAR,
MOVE AS SÚAS FOLLIÑAS
CANDO OS NENOS A VAN VISITAR.

LUCIA VILLAR

EU SON MARCOS
E VIVO EN LOIMIL
Á BEIRA DAS FONTES E REGATOS
E O CAMPO DE FÚTBOL DO ESTUDIANTIL.

CONVÍDOVOS A VISITALA
VEREDS QUE BONITA
E DESPOIS PARA REMATALA
IDE Á CASA RURAL DA BOTICA.

MARCO VARELA

CHÁMOME MARIÑA
E SON DE CALLOBRE
A SOBREIRA DE VALIÑAS
FAINOS TERRA NOBRE.

O LIÑARES DEIXA DE CAMIÑO
A FERVENZA, A BURGA, QUE FERMOURA!
COIDAR OS NOSOS BENS CON CARIÑO
É PARTE DA NOSA CULTURA.

MARIÑA BARREIRO

EU SON MARIÑA
E VIVO NA ESTRADA,
E AÍNDA QUE PAREZA PEQUENIÑA
SONCHE MOI ESPABILADA.

A FESTA DO SALMÓN
NESTA VILA FESTEXAMOS
O MES DE MAIO ESPERAMOS
PARA COMER UNHA BOA RACIÓN.

MARIÑA FARIÑAS

SON MATEO FERNÁNDEZ MOSTEIRO
UN RAPAZ MOI FALADEIRO,
VIVO NA PARROQUIA DE AGAR,
NO LUGAR DE PEPE, ESTÁ O MEU LAR.

UNHA DAS COUSAS MÁIS IMPORTANTES
PARA OS DE AGAR HABITANTES,
É A FONTE DA BARREIRIÑA,
POLA SÚA AUGA TAN FRESQUIÑA.

MATEO
FERNÁNDEZ

CHÁMOME NICOLÁS
VIVO EN PARDEMARÍN
É UN SITIO MOI BONITO
POLO MENOS PARA MÍN.

RODEADO DE MONTAÑAS
É UN FERMOZO VAL
FORMADO POR SETE LUGARES
E UNHA XENTE SEN IGUAL.

NICOLÁS
FANDINO

"BERRES"
OLA AMIGOS! AGORA VEREDES
VOUVOS FALAR DA PARROQUIA DE BERRES.
EU SON NOA CABALEIRO RIVADULLA
E VIVO NA RIBEIRA DO RÍO ULLA.

É UN LUGAR MOI TRANQUILO E DE GRAN BELEZA
ONDE SE XUNTAN ARTESANÍA, DEPORTE E NATUREZA.
PERO O MEU SITIO FAVORITO É O AREAL,
PARA DESCANSAR, XOGAR, NADAR... UN ESPAZO NATURAL!

NOA CABALEIRO

CHÁMOME NOA E VIVO EN BERRES
TERRA DE TORNEIROS
E TAMÉN DE GAITEIROS.

AS GAITAS SON FEITAS A MAN
POIS AQUÍ O QUE MAIS É O QUE MENOS
TEN UN TALLER DE ARTESÁN.

SE TES GANAS DE GOZAR
BERRES, DEBES VISITAR.

NOA LOPEZ

CHÁMOME NURIA
E VIVO EN VINSEIRO,
E CANDO SEXA GRANDE
CASAREI CUN BANQUEIRO.

E DO NOSO PAZO,
QUE DICIR?
TEDES MOITAS GANAS...
QUERÉDELO DESCUBRIR?

NURIA GAMALLO

SAÚL É O MEU NOME,
OLIVES A MIÑA ALDEA
DEBO IRME OU QUEDARME?
QUEDARME, E CONTEMPLAR TODO O QUE ME RODEA.

OBSERVA O CEO INDIFERENTE
A NOSA FERMOZA LAGOA,
LUGAR MOI INTERESANTE
QUE NON PERMITE VIAXAR EN CANOA.

SAUL LÓPEZ

Ola son Sergio,
un rapaz moi desperto
e moi responsable,
xa todos o saben.

Na miña parroquia
chamada Riobó
vivimos contentos
veciños moi bos.

O río e as fontes,
regatos pequenos,
o Pazo da Mota,
e máis unhas pontes.

Na miña parroquia,
podédelos ver.
Vinde a coñecela,
é digna de ver.

SERGIO GAO